

BASES REGULADORAS QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A AUTORIZACIÓN DE INSTALACIÓNS DE POSTOS NA “FEIRA DOS INVASORES 1617” DE CANGAS NO ANO 2024.

CONTIDO

1	ÁMBITO DE APLICACIÓN
2	EMPRAZAMENTO E AMBIENTACIÓN DA FEIRA
3	DATAS, UBICACIÓN E HORARIO DE OCUPACIÓN
4	REQUISITOS DOS SOLICITANTES.
5	PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES
6	ADXUDICACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS DOS POSTOS DE VENDA
7	PRODUTOS AUTORIZADOS PARA A VENDA E EXHIBICIÓN
8	REQUISITOS DOS POSTOS DE VENDA
9	CONDICIÓNS PARA A INSTALACIÓN DE POSTOS
10	NORMAS PARA O USO DE PARRILLAS.
11	MEDIDAS COVID-19
12	MOTIVOS DE PRECINTADO E EXPULSIÓN DA FEIRA

ANEXOS PARA SOLICITUD

I	Declaración responsable para atraccións, estruturas móbiles e desmontables de festas e verbenas populares
II	Solicitud para participar na “FEIRA DOS INVASORES 1617”

ANEXOS INFORMATIVOS

A	Vestimenta
B	Postos

PRIMEIRO: ÁMBITO DE APLICACIÓN.

As presentes bases teñen por obxecto fixar os criterios que rexen a autorización e instalación dos postos temporais de venda en espazos de uso público municipais destinados a venda de produtos na "Feira dos Invasores" en Cangas no ano 2024 e que se rexen pola ordenanza fiscal municipal nº 21, reguladora da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do solo, vo e subsolo da vía pública (BOPPO n.º 248 de 30.12.2013 modificada por BOPPO n.º 192 de 05/10/2017).

Para establecer a taxa a liquidar se aplicará a ordenanza fiscal nº 21 do Concello de Cangas . O n.º de días a liquidar será de dous días.

SEGUNDO: EMPRAZAMENTO E AMBIENTACIÓN DA FEIRA.

- **Emprazamento:** os postos de venda situaranse dentro do recinto do Mercado da Feira que se instalará nos Xardíns de Felix Soage (alameda Vella), Avenida Eduardo Vicenti e rúa Eugenio Sequeiros.

Fora do espazo establecido non se permitirá o asentamento de ningún posto na rúa, nin a venda ambulante de ningún produto salvo autorización expresa da organización.

Por motivos de seguridade, orde e limpeza poderase modificar o plano de situación dos postos o propio día da festa.

- **Ambientación:** os solicitantes deberán adaptarse ao espazo asignado pola organización e deberá ter unha ambientación acorde coa festa, tanto no interior como no exterior: o mobiliario e estruturas deberán ser de madeira, arpillera e palla.

Calquera outro material deberá estar recuberto con tecidos rústicos (liño, tela de saco, sedas,..).

Todas as persoas que estean ao fronte do posto deberán ataviarse con traxes adecuados á época e a historia na que se ambienta a festa.

Todos os menús deberan ser acordes co espírito da festa, mantendo unha boa relación calidade/prezo.

Nos postos de comida a louza e vaixela empregada deberá ser de barro, cristal ou cartón biodegradábel e está prohibido a utilización de envases de plástico, PVC ou similares.

A listaxe de prezos deberá estar en lugar visible e deberán ter follas de reclamación a disposición do público.

TERCEIRO: DATAS, UBICACIÓN E HORARIO DE OCUPACIÓN.

As datas da celebración da Feira serán o venres 27, sábado 28 e domingo 29 de setembro de 2024.

O horario autorizado será o seguinte:

Venres	27 de setembro	dende as 19:00-00:00h
Sábado	28 de setembro	dende as 11:00h-00:00h
Domingo	29 de setembro	dende as 11:00h-00:00h.

Os horarios son aproximados xa que quedarán supeditados ás normas sanitarias vixentes no momento da celebración da Feira.

A Concellería de Cultura no uso das facultades atribuídas nas disposicións aplicable na materia e cando concorran circunstancias de interese público debidamente motivadas que o fagan aconsellable, poderá tanto ampliar como limitar o período de ocupación indicado nas presentes bases.

CUARTO: REQUISITOS DOS SOLICITANTES.

Para entrar no proceso de selección para colocación de posto na Feira, é preciso presentar a seguinte documentación:

a)	Formulario de solicitude e aceptación de normas debidamente cuberto e asinado.	Anexo I
b)	Declaración responsable	Anexo II
c)	Copia do DNI da persoa representante.	
d)	Estar en posesión, no seu caso, do certificado acreditativo de formación en materia de manipulación de alimentos (carné de manipulador de alimentos).	
e)	Dispor dun Seguro de Responsabilidade Civil en vigor	

Nos casos de solicitudes de **postos de atraccións de feira medieval**, estes deberá aportar a maiores:

f)	*Informe técnico acreditativo de que a instalación ou estrutura móbil cumpre as condicións de seguridade para o desenvolvemento da actividade consonte a normativa aplicable ou copia da documentación ITV ou documento análogo do estado de idoneidade.	
g)	*Póliza de seguro de responsabilidade civil e xustificante do pago da mesma polos riscos derivados das actividades a realizar por posibles danos a terceiros e ao persoal que preste os seus servizos, así como ao público asistente no seu caso.	

A presentación de documentación falsa ou irregular será motivo de exclusión.

Aquelas solicitudes que non veñan acompañadas da documentación esixida, non serán admitidas.

As persoas responsábeis dos postos tamén son responsábeis da legalidade da súa xestión (actividade profesional, fiscalidade, seguridade e hixiene, montaxe, mantemento e funcionamento,....)

As achegas para axudas dos gastos de organización serán aboadas tras a confirmación da adxudicación do posto.

O importe das achegas por sector da actividade e e m² de ocupación son:

CATEGORIA	DIMENSION MÁXIMA DO POSTO (m ²)	ACHEGA
Artisanos	3 X 3	75 €
Alimentación (*)	4 x 3	100 €
Restauración (*)	4 x 4	175 €
	Por cada m ² adicional aumentará a achega en 20€	

(*) Alimentación: Venda de produtos elaborados fora dos días da festa (mel, ...)
 Restauración: Venda de produtos elaborados na festa (bocadillos,...)

QUINTO.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

O prazo para presentar as solicitudes de postos de venda na "Feira dos Invasores 1617" estará aberto dende o 15 ó 20 de setembro de 2024, ambos os dous incluídos.

Todas as persoas interesadas en obter autorización para a instalación dos postos de venda, deberán enviar a documentación á dirección de correo electrónico cangas@adefensadavila.com

Só se admitira unha solicitude por persoa.

SEXTO: ADXUDICACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS DOS POSTOS DE VENDA

De entre todas as solicitudes presentadas por rexistro, adxudicaranse tendo en conta o tamaño do posto, os metros dispoñibles na rúa, a ambientación medieval do posto, as características dos produtos á venda e a mellor circulación e seguridade das persoas dentro do recinto do Mercado.

Elaborada a listaxe definitiva, a organización da Defensa da Vila comunicará a todos os seleccionados o importe e o número de conta bancaria onde realizar o ingreso da taxa. Esta información se enviará vía email y publicaráse na web www.adefensadavila.com a partir do 20 de setembro de 2024.


Unha vez adxudicado o posto, o solicitante procederá ao pago da taxa ata o día 20 de setembro de 2024 e enviará o xustificante de pago á seguinte dirección de correo cangas@adefensadavila.com

Unha vez adxudicado e pagado o posto, se o solicitante non o utiliza, non terá dereito a devolución da taxa.

Todos os postos do Mercado serán numerados e plasmados nun plano que se publicará na páxina web www.adefensadavila.com, non podendo ser cambiados de sitio baixo ningún concepto.

A achega das autorizacións para a montaxe dos postos de venda realizarase tras a adxudicación dos postos e o pago das taxas pola organización.

Os pasos a seguir son os seguintes:





SÉTIMO: PRODUTOS AUTORIZADOS PARA A VENDA E EXHIBICIÓN.

Os produtos de venda e exhibición autorizados na Feira deberán ser naturais, autóctonos, feitos a man e elaborados na casa, de características artesás e ancestrais, e sempre que encaixen na seguinte clasificación e grupos:

- **Alimentación:** pan, empanadas, empanadillas, filloas, queixos, embutidos, croquetas, tortillas, chourizos, lacón, callos, polbo, xamón asado, aceitunas, froitos secos, froita, doces caseiros, bicas, magdalenas, cañitas, rosquillas, leite frita, gofres, filloas, ñoclos de Pinzón, tortas de Sarmiento, mel, chocolate, amendoados, etc.
- **Bebidas:** viño, cervexa, auga, leite, zumes e refrescos, etc. Estas bebidas autorizaranse só nos postos de comida.

Está prohibida a venda de bebidas alcohólicas a menores de idade.

- **Artesanía:** todos os produtos feitos a man e cunhas características determinadas onde se empreguen materiais como corda, mimbre, barro, madeira, ferro, ttecidos, prata, ouro, bronce, pedra, pizarra, coiro, gomaeva, metal, etc.
- **Demostración de oficios artesanais:** alfareiros, ferreiros, canteiros, carpinteiros, cesteiros, telleiros, repuxado de coiro, encaixes de bolillos, calceta, orfebrería, redeiros, etc.
- **Antigallas:** venda de antigallas como apeiros de labranza, chaves de ferro, utensilios e pezas cunha antigüidade superiores a 50 anos.

OITAVO: REQUISITOS DOS POSTOS DE VENDA.

Os postos se axustarán ao disposto nas regulamentacións técnico sanitarias específicas e demais normativa reguladora aplicable en cada sector.

Todos os postos deberán reunir as debidas condicións de estabilidade e seguridade sen que polas súas características ou modo de instalación poidan supor un risco para os usuarios, os viandantes e para os bens públicos ou privados.

O solicitante responderá de calquera desperfecto que se orixine na zona autorizada e de calquera anomalía que se produza no exercicio da súa actividade.

A persoa titular da autorización deberá ter exposta ao público e as autoridades que realicen actuacións inspectoras os seguintes documentos:

- A autorización do posto de venda que lle facilitará a organización.
- Follas de reclamación e unha dirección para a recepción das mesmas.
- Listaxe coas mercadorías e os prezos que teñan a venda.

NOVENO: CONDICIÓNS PARA A INSTALACIÓN DE POSTOS.

As autorizacións concédense para os días 27, 28 e 29 de setembro de 2024.

Sobre a montaxe e desmontaxe:

- **Montaxe:** Os postos montaranse entre as 16:00 e as 18:00 horas do día 27 de setembro.
- **Desmontaxe:** realizarase unha vez rematada a Feira o día 29 de setembro e como prazo máximo deberá estar todo recollido o luns 30 de setembro pola mañá.

A limpeza do espazo ocupado, así como a recollida de residuos que se xeren como consecuencia do uso que se solicita, deberá ser asumida pola persoa titular da autorización e o lugar utilizado deberá quedar nas mesmas condicións de uso e limpeza nas que os atopou.

Esta limpeza realizarase cada día ao finalizar o remate da actividade autorizada.

A persoa titular da autorización está obrigada a atender persoalmente o posto sen que poda cedelo ou alugalo a terceiros.

A persoa titular da autorización será responsable de todos os danos e prexuízos ocasionados como consecuencia do exercicio da actividade obxecto da autorización e deberá contar cun seguro de responsabilidade civil que cubra a actividade a realizar.

Non se utilizará ningún anclaxe sobre o pavimento, e no caso do uso de parrillas estes postos deberán protexer o pavimento para evitar manchalo con graxas, aceites e carbón. No se permitirá a reprodución de música nin o uso de aparellos de megafonía salvo os autorizados pola organización.

Non se permitirá publicidade distinta que non sexa a oficial da Festa en calquera medio gráfico, escrito ou dixital.

As persoas adxudicatarias dos postos e as persoas que estean atendendo o posto con eles, deberán obrigatoriamente estar ataviados de época.

O Concello de Cangas poderá comprobar en calquera momento o cumprimento das condicións recollidas nas presentes bases, mediante a correspondente inspección.

O incumprimento de calquera das cláusulas das presentes bases implicará a retirada ou precinto do posto e a prohibición de participar nas edicións posteriores da festa, sen prexuízo da incoación do expediente sancionador que no seu caso proceda.

DÉCIMO: NORMAS PARA O USO DE PARRILLAS.

Nos postos de comidas que utilicen parrillas deberán de cumprir coas seguintes medidas de seguridade:

- Todos os postos de comida que teñan parrillas e pretendan facer lume deberán dispor dun extintor de 6 kg EFICACIA 21 A-113 B ou dous de 3 quilos.



- A delimitación do espazo do lume, a protección e os extintores deberán estar listos para a revisión antes da festa por parte dos servizos de seguridade da organización.
- lume farase nun espazo acoutado para tal fin, non permitindo o acceso as persoas alleas a actividade.
- Non se pode facer lume debaixo de toldos, instalacións eléctricas ou outros elementos susceptíbeis de arder.
- A zona debe estar illada con pranchas metálicas en tres das catro caras do soporte e o chan protexido para evitar queimalo ou manchalo con graxas, aceites e carbón.
- Todo tipo de lume deberá estar apagado antes das 24 horas da noite de cada día.

O incumprimento desta normativa de lumes será motivo para o precinto inmediato do espazo autorizado.

UNDÉCIMO: MEDIDAS COVID-19.

Durante a celebración da festa todos os cidadáns deberán adoptar as medidas necesarias para evitar a xeración de riscos de propagación da enfermidade COVID-19, que en cada momento ordenen as autoridades sanitarias correspondentes.

DOCEAVO: MOTIVOS DE PRECINTADO E EXPULSIÓN DA FEIRA.

A presentación de documentación falsa ou irregular será motivo de expulsión.

As solicitudes que non veñan acompañadas por algúns dos documentos esixidos ou as que non veñan asinadas polo solicitante non serán admitidas.

O incumprimento das medidas Covid-19 recollidas na cláusula undécima das presentes bases.

O incumprimento de calquera norma das presentes bases dará por revocada a actividade pola cal solicitou autorización.